



Instituto Galego  
de Seguridade  
e Saúde Laboral

www.issga.es




# Riscos por amianto: obrigas das empresas

## Que é o amianto?

Chámaselle amianto ou asbesto a un grupo de minerais de natureza fibrosa que debido as súas excelentes propiedades (illantes, mecánicas, químicas, resistencia á calor, ás lapas e á degradación biolóxica) e o seu baixo custo, foron amplamente utilizados en diferentes materiais ao longo do século XX ata que se foron descubriendo os seus efectos perniciosos para a saúde; estes efectos non se mostran de inmediato.

En España está prohibido produci-lo, usalo e comercializalo dende o ano 2002.



Imaxe cortesía da  
American Society of  
Clinical Oncology

## Efectos sobre a saúde

A presenza de materiais con amianto non representa en si mesmo un risco para a saúde. O amianto só resulta perigoso cando se respiran as súas fibras e isto pode ocorrer cando os materiais que conteñen amianto están moi degradados ou cando é necesario manipularlos.

A inhalación de fibras de amianto pode dar lugar a varias alteracións e enfermidades que afectan ao aparato respiratorio, algunhas benignas como as placas pleurais e outras graves ou moi graves como a asbestose ou diversos tipos de cancro.

Que se produza ou non unha enfermidade e o tipo de enfermidade que se presente dependerá de factores como:

- A intensidade, a frecuencia e a duración da exposición.
- O tipo de asbesto e as características das fibras.
- O tempo pasado dende o inicio da exposición.
- A exposición concomitante a tabaco ou outros axentes canceríxenos.
- As características individuais.

Todas estas enfermidades teñen en común que non se manifestan de inmediato, poden pasar entre 10 e 40 anos ou máis ata que aparecen. Outra característica común é que en moitos casos non existe un tratamento curativo senón simplemente paliativo. De aquí a importancia de evitar, tanto como sexa posible, a exposición ao amianto.



## Traballos considerados de risco

Todas as operacións do ámbito laboral en que os traballadores poidan estar expostos á inhalación de fibras de amianto deben aplicar a lexislación específica que se recolle no **Real decreto 396/2006, do 31 de marzo**. Precisamente neste Real decreto se listan aqueles traballos nos que especialmente pode haber exposición ás fibras do amianto:

- a) Traballos de demolición de construcións onde exista amianto ou materiais que o conteñan.
- b) Traballos de desmantelamento de elementos, maquinaria ou útiles onde exista amianto ou materiais que o conteñan.
- c) Traballos e operacións destinadas á retirada de amianto, ou de materiais que o conteñan, de equipamentos,

unidades (tales como barcos, vehículos, trens), instalacións, estruturas ou edificios.

- d) Traballos de mantemento e reparación dos materiais con amianto exist-



tentes en equipamentos, unidades (tales como barcos, vehículos, trens), instalacións, estruturas ou edificios.

- e) Traballos de mantemento e reparación que impliquen risco de desprendemento de fibras de amianto pola existencia e proximidade de materiais de amianto.
- f) Transporte, tratamento e destrución de residuos que conteñan amianto.
- g) Vertedoiros autorizados para residuos de amianto.
- h) Todas aquelas outras actividades ou operacións en que se manipulen materiais que conteñan amianto, sempre que exista risco de liberación de fibras de amianto ao ambiente de traballo.

## Obrigas das empresas

A nosa lexislación obriga ás empresas que realizan os traballos de risco antes nomeados a aplicar diferentes medidas de prevención e protección da saúde dos traballadores, a realizar diferentes trámites administrativos e cumprir con diferentes obrigas documentais.

### Principais medidas e actividades preventivas:

Avaliar o risco para cada tipo de traballo no que estean implicados materiais que conteñan amianto. Esta avaliación previa permitirá concretar as medidas preventivas e deseñar os procedementos de traballo que se van empregar. Deberá ter en conta o risco de exposición ao amianto dos traballadores e de terceiras persoas que se atopen nas proximidades (por exemplo, os ocupantes) e poidan verse afectadas. Esta avaliación debe ser realizada por un técnico superior en Prevención de Riscos Laborais coa especialidade en Hixiene Industrial.

Antes das obras de demolición ou de mantemento hai que recompilar toda a información necesaria para identificar todos os materiais que poidan conter amianto. Esta identificación reflectirase no estudo de seguridade e saúde ou no estudo básico de seguridade e saúde, e nas obras que regulamentariamente non requiran este tipo de estudos, na avaliación de riscos.

Informar e formar os traballadores sobre os riscos do amianto, os procedementos de traballo adecuados para cada tipo de traballo que se vaia realizar, o uso correcto dos equipos de protección individual, e as medidas de hixiene persoal.

Levar un control do ambiente de traballo para poder asegurar que non se supera o valor límite establecido pola lexislación.

Prohibir expresamente comer, beber e fumar no lugar de traballo e levar a roupa de traballo ao domicilio.

Delimitar e sinalizar claramente a zona de traballo e restrinxir o acceso ás persoas non autorizadas.

Garantir a vixilancia da saúde adecuada e específica en relación cos riscos de exposición ao amianto.



## Principais trámites administrativos :

- Inscribirse no Rexistro de empresas con risco por amianto (RERA):

Na nosa comunidade autónoma para facelo hai que dirixirse aos centros provinciais do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA). Os enderezos, a información básica e documentos para facelo pode atopalos na súa páxina web: <http://www.issga.es/>

- Elaborar un Plan de traballo antes do comezo de cada actividade que debe ser aprobado pola autoridade laboral **antes do inicio dos traballos:**

Este documento debe describir, dun xeito pormenorizado, a acción que se quere levar a cabo, a metodoloxía que se vai seguir, e as medidas de prevención e protección técnicas e organizativas necesarias para que o traballo se realice en condicións de mínima exposición. Na nosa comunidade autónoma os plans de traballo diríxense, igual cás solicitudes de inscrición no RERA, aos centros provinciais do ISSGA. Na páxina web deste organismo atopará a información básica sobre os tipos de plans de traballo, o seu contido, lugar de presentación e documentación para facelo: <http://www.issga.es/>

Sempre que o empresario contrate ou subcontrate a realización de traballos nos que poida haber exposición ao amianto deberá comprobar que os contratistas ou subcontratistas contan co correspondente plan de traballo. A empresa contratista ou subcontratista, logo de ser aprobado o plan pola autoridade laboral, debe enviarlle unha copia deste á empresa principal.

Os materiais que conteñen amianto están considerados como residuos perigosos e hai que xestionalos como tales.



Imaxe cortesía de IGR Investigación y Gestión de Residuos S.A.

**ATENCIÓN  
CONTÉN  
AMIANTO**

**Respirar o po  
de amianto é  
perigoso para  
a saúde**

**Seguir as normas  
de seguridade**

Etiqueta que identifica os artigos ou envases que conteñen amianto segundo o Regulamento (CE) nº1907/2006 (REACH)

Textos: Lucía Ferrón Vidán

[www.issga.es](http://www.issga.es)



Instituto Galego  
de Seguridade  
e Saúde Laboral



**XUNTA  
DE GALICIA**